



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Miño para que tramite e resolva en prazo os expedientes de reposición á legalidade urbanística e de recuperación de oficio da posesión de bens de titularidade municipal.

Expediente: B.10.Q/438/2020

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don D. [REDACTED], pola inactividade do Concello de Miño ante as obras dunha particular, que invaden o paso e que pertence ao dominio Publico.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 14 de febreiro de 2020, D. [REDACTED] presentou escrito de queixa ante o Valedor do Pobo denunciando a inactivade do Concello de Miño ante a construción por Dna. [REDACTED], nunha parcela onde ten a súa vivenda, obras consistentes na construción dun muro e caseta invadindo e limitando o paso e que pertence ao dominio Publico, e por tanto o prexudica. Comunica que fixo a primeira denuncia ano 2001, desde esta data non se fai cumprir a lei, nin se obriga a demoler estas obras nin se realizan por parte do Concello.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos nos que se baseaba, para o que se solicitou información ao Concello de Miño con data do 6 de maio e 17 de xullo de 2020.

TERCEIRO.- Con data do 22 de xullo de 2020, o Concello de Miño emite informe no que comunica que o expediente de reposición da legalidade urbanística, imputable a Dª [REDACTED], iniciouse por resolución de Alcaldía en data 13 de maio de 2008. Nas alegacións formuladas pola interesada manifesta que o peche para o que se outorgou licenza non afecta a camiño publico, senón que se trata dun muro divisorio entre parcelas particulares.

Con data do 15 de xullo de 2009 ditase resolución de alcaldía acordando o arquivo do expediente por caducidade, incoando novo expediente dado a acción para o restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras non estaba prescrita. A promotora presentou alegacións con data do 24 de setembro de 2009.

Con data do 15 de xaneiro de 2014 emitíuse informe técnico onde se fai constar que o peche da parcela excede da licenza concedida e o 21 de xullo de 2014 emitíuse informe xurídico pola secretaria municipal, na que fai como proposta de resolución o arquivo do expediente e a incoación de expediente de recuperación de oficio da posesión do camiño sito en [REDACTED], que esta invadido polo peche propiedade de D^a [REDACTED], debendo proceder a retirada do mesmo, deixando libre o vial.

Con data do 17 de agosto de 2015 ditase resolución de alcaldía incoando expediente de recuperación de oficio da posesión do camiño, cun prazo de 10 días para alegacións. Ditas alegacións foron presentadas en data 2 de outubro de 2015. .

O 3 de xuño de 2019 ditase resolución na que se acorda incoar a [REDACTED] expediente para a protección da legalidade urbanística por construír un peche invadindo vial público e por tanto en terreos propiedade do Concello. Confírese a titular un prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións. Ditas alegacións foron presentadas en data 2 de xullo de 2019.

O Concello recoñece o retraso no expediente xustificando na escaseza de persoal e maniesta a súa vontade de solucionar a maior brevidade posible.

CUARTO.- De acordo co anterior, débese ter en conta o seguinte:

- 1) O Sr. [REDACTED] presentou a súa primeira denuncia no ano 2001.
- 2) Ata o 13 de maio de 2008 non se inicia expediente de reposición á legalidade urbanística que se archiva por caducidade en xullo de 2009.
- 3) O 15 de xaneiro de 2014 se emite un informe técnico onde se fai constar que o peche da parcela excede da licenza.
- 4) Pola Secretaría municipal con data do 21 de xullo de 2014 se propón o arquivo do expediente e a incoación de expediente de recuperación de oficio da posesión do camiño.
- 5) Ata o 17 de agosto de 2015 non se dita resolución de incoación do expediente de recuperación de oficio da posesión do camiño, e ata o 3 de xuño de 2019 non se dita resolución de incoación de expediente para a protección da legalidade urbanística. Do dito expediente o Concello non informa do seu estado de tramitación, polo que debe presumirse que unicamente esta incoado.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O artigo artigo 103 da Constitución Española e o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así coma os procedementos relativos ao exercizo de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

TERCERO .- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, no presente caso no artigo 379 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e de acordo co disposto no artigo 70 da Lei 39/2015, os procedementos administrativos están sometidos ao principio de celeridade, e se impulsará de oficio en todos os seus trámites, respectando os principios de transparencia y publicidade.

CUARTO.- As persoas designadas como órgano instructor ou, de ser o caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función, son os responsables directos da tramitación do procedemento, e en especial do cumprimento dos prazos establecidos, segundo establece o apartado 4 do citado artigo 70 da Lei 39/2015.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Miño o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes, deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos e evitando calquera demora na súa resolución, tendo en conta que a primeira denuncia presentouse no ano 2001, sen que o Concello ata a data resolverse nin o expediente de protección da legalidade urbanística, nin o de recuperación do ben de dominio público.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo